



Concello de Vigo
Expte. 3734/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 3/2023

SESIÓN ORDINARIA DO 22 DE FEBREIRO DE 2023

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** extraordinaria do 23 de xaneiro e ordinaria do 25 de xaneiro 2023.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo e do seu organismo autónomo administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao exercicio 2022. Expte. 244/143 (Expte. Pleno 3723/1101)

URBANISMO

- 3.** Dación de conta da contratación mediante trámite de emerxencia das obras de desmontaxe de fachada en Camiño Seara número 60. Expte. 15254/407 (Expte. Pleno 3721/1101).

Mocións:

- 4.** Moción do concelleiro non adscrito, en contra da instalación dos parques de eólica mariña "Volanteiro" e "Celta II". Expte. Pleno 3736-1101.
- 5.** Moción do grupo municipal do Partido Popular para reclamar ao Goberno de España a débeda de 4.100 millóns de euros do Estado con Vigo en investimentos estratéxicos, vitais para o futuro da cidade. Expte. Pleno 3735/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo 3778-1101	Data impresión: 31/03/2023 10:16 CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	Páxina 1 de 34
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. Moción do grupo municipal Mixto contra a subida dos tipos de interese e en defensa de medidas de alivio alternativas para favorecer ás familias traballadoras. Expte. Pleno 3743/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a aprobar un Plan de Choque urxente para dotar á cidade de Vigo das prazas residenciais públicas necesarias para as persoas maiores e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3739/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a asumir a humanización integral da Avda. de Galicia no proxecto de mellora viaria da estrada PO-323-2ª fase, e que figure nos Orzamentos da Xunta para este ano. Expte. 3740/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a abordar de forma urxente a reforma integral dos centros educativos públicos da cidade de Vigo. Expte. Pleno 3741/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a realizar unha achega ao Concello de Vigo de 15 millóns de euros ao obxecto de construír un novo Estadio de Atletismo na cidade de Vigo. Expte. 3742/1101.

PARTE DE CONTROL

11. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 18.01 ao 15.02.23. Expte. 1390/1102 (Expte. Pleno 3737/1101).
12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 18.01 ao 15.02.23. Expte. 1391/1102 (Expte. Pleno 3738/1101).
13. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 30.01.23, de delegación na concelleira da Área de patrimonio Histórico, tódalas atribucións precisas para a execución do Proxecto de Rehabilitación e Acondicionamento do Pazo da Raposeira. Expte. 11040/307 (Expte. Pleno 3732/1101).
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguíar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
Egerique Mosquera Teresa
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo
3778-1101

Data impresión: 31/03/2023 10:16

Páxina 2 de 34

CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e dous de febreiro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral Adxunta Municipal, don Olga Gómez Corbal.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(23). ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DO 23 DE XANEIRO E ORDINARIA DO 25 DE XANEIRO 2023.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas extraordinaria do 23 de xaneiro e ordinaria do 25 de xaneiro de 2023.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 3 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.(24). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTA CONCELO DE VIGO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022. EXPTE. 244/143 (EXPTE. PLENO 3723/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 7 de febreiro de 2023, transcrito a continuación,

“En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (Art. 191.3 do TRLRFL e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda , en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local correspondente ao ano 2022 e incorpórase a Liquidación do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo así como os datos correspondentes ás Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

A Liquidación queda conformada polas institucións que conforman en termos do previsto nos artigos 166 e 192 do TRLRFL o perímetro de Consolidación, aínda que o mesmo sexa distinto do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o SEC-2010, onde queda engadido dentro do Perímetro de Consolidación a Fundación MARCO e a Fundación CONVENTION BUREAU

O ámbito subxectivo da Liquidación está conformado por:
 Entes con orzamento limitativo:
 Entidade Local.
 Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo.
 Entes sectorizados pola Intervención Xeral do Estado, contabilidade empresarial:
 Fundación MARCO.
 Fundación CONVENTION BUREAU.
 En relación coa Liquidación do Grupo, as magnitudes de interese son as que se relacionan:

Magnitude	Entidade	Consolidados	Grupo SEC-2010
Resultado orzamentario axustado	44.810.481,96	46.190.108,34	
Aforro Neto Legal	51.133.492,41	52.564.584,20	
Remanente Tesourería para G. Xerais	148.178.900,48	162.885.914,45	
Tesourería	163.961.719,08	182.551.226,45	
Fondos Líquidos do RLT	163.282.037,05	188.381.191,45	
Obrigas pendente de pago orzamt. (Corr+pecha.)	5.905.461,85	6.141.735,91	
Acredores pendentes non orzamentarias	16.703.964,33	17.704.754,98	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 4 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dereitos pendentes cobro orzamt.(Corr+pecha	55.010.576,94	56.771.560,95	
Dotación saldos dubidoso cobro	40.858.475,15	42.350.748,51	
Debedores pendentes non orzamentarios	1.117.136,11	1.197.473,06	
Saldo pendente de devolución ingresos	1.080,63	1.201,60	
Estabilidade	5.043.969,73	5.700.086,26	5.827.448,05

Estabilidade Orzamentaria Grupo SEC-2010

Institución	Ingresos	Gastos	AXUSTES			Capac./neces.
	N. Financeiros	N Financeiros	Conta 413	PTE+Liq. 2020	Cap (1,2,3)	
ENTIDADE	292.218.265,0 1	-270.496.712,52	- 3.538.337,17	-10.343.278,53	-2.795.967,06	5.043.969,73
Org. Aut.XMU	7.946.571,14	-7.321.380,20	,00	,00	30.925,59	656.116,53
F. MARCO	994.774,58	-883.137,98	,00	,00		111.636,60
F. C. Bureau	466.500,00	-450.774,81	,00	,00		15.725,19
Total	301.626.110,7 3	-279.152.005,51	- 3.538.337,17	-10.343.278,53	-2.765.041,47	5.827.448,05

Regra de Gasto Grupo SEC-2010

Institución	Liqu. 2021	Liqu.2021	Liqu.2022	Axustes	Liqu.2022	Variación
	(1)	+ TRCPIB (2)	(3)	(4)	Axust. (5)	(5) - (2)
ENTIDADE	217.599.725,2 8	217.599.725,2 8	270.496.712,5 2	- 22.826.690,86	247.670.021,66	30.070.296,38
Org. Aut.XMU	5.932.069,09	5.932.069,09	7.321.380,20	-2.019.624,47	5.301.755,73	-630.313,36
F. MARCO	878.657,07	878.657,07	881.601,98	,00	881.601,98	2.944,91
F. C. Bureau	439.839,14	439.839,14	450.774,81	,00	450.774,81	10.935,67
Total	224.850.290,5 8	224.850.290,5 8	279.150.469,5 1	- 24.846.315,33	254.304.154,18	29.453.863,60

Variación do gasto non financeiro: 13,1%

Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo (Entidade máis Xerencia de Urbanismo)

Concepto	Entidade	Consolidado
Saldo inicial d tesourería	149.773.963,81	167.764.746,29
Cobros Orzamentarios corrente e pechados	290.292.836,24	292.450.117,97
Pagos Orzamentarios corrente e pechados	-276.528.876,23	-278.275.946,54



Copia do documento - Concello de Vigo
3778-1101

Data impresión: 31/03/2023 10:16 Páxina 5 de 34
CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cobros non Orzamentarios	62.899.547,53	66.269.035,74
Pagos non Orzamentarios	-61.877.635,79	-65.092.103,19
Ingresos pendentes de aplicación	-1.277.307,48	-1.243.814,82
Variación entre Saldo Inicial e final das 575	679.191,00	679.191,00
Variación neta	14.187.755,27	14.786.480,16
Saldo final	163.961.719,08	182.551.226,45

Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2022												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	10,31	9,56	8,52	8,60	9,09	10,81	11,19	10,54	11,76	9,67	9,82	8,47
MARCO	39,18	47,63	25,88	22,38	17,60	14,77	5,43	15,25	9,52	5,68	9,89	6,71
XMU	26,13	7,91	7,51	11,43	6,37	8,93	14,58	11,55	10,50	9,88	8,93	8,67
V. C.BUR.	3,86	9,86	9,39	4,74	12,63	12,80	1,83	8,08	3,42	5,34	7,57	4,04
PMP Global	10,91	9,93	8,63	8,71	9,10	10,82	11,19	10,56	11,75	9,64	9,80	8,46

Endebemento grupo

$\% \text{ Endebemento} = (\text{Débeda financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados}) * 100.$

En relación co endebedamento, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13 establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que se establece en relación co PIB. Para os anos 2020-2023, están suspendidas o cumprimento das variables fiscais.

Non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 270.136.307,32 euros.

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2022: 0 euros.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2022, 0%.

Cumprimentos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 6 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante o exercicio 2022, da información mensual que se achega dos entes que conforman o perímetro de consolidación, deuse cumprimento ao PMP, resultando unha media para o grupo de 9,96 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Se a análise faise exclusivamente para o Concello, o PMP do ano 2022, é de 9,86 días.

Hai cumprimento dentro das sendas previstas, dos obxectivos fiscais, taxa de referencia.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

Os Remanentes de crédito que cumpran os requisitos legais regulamentados no artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, serán obxecto de incorporacións de crédito ao orzamento do ano 2023, para o que se tramitará o preceptivo expediente de modificación orzamentaria con suxeición ao previsto no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

Da Liquidación do Orzamento do grupo de consolidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL. Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.

Vista a proposta que formula o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación do Orzamento da Entidade Local Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e do Grupo de consolidación, proposta polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2022 cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes que resumen a totalidade da xestión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 7 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

económica e financeira da Entidade, do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente e das Fundacións sectorizadas ao longo do ano 2022, conformada pola Entidade Local, o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

SEGUNDO.- En cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL, dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre.

TERCEIRO.- En cumprimento do previsto no artigo 193.5 do TRLRFL, remitir copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

CUARTO.- En relación coa información a enviar ao Ministerio de Hacienda, estarase aos prazos previstos na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 15.02.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Liquidación do Orzamento do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2022.

3.(25). DACIÓN DE CONTA DA CONTRATACIÓN MEDIANTE TRÁMITE DE EMERXENCIA DAS OBRAS DE DESMONTAXE DE FACHADA EN CAMIÑO SEARA NÚMERO 60. EXPTE. 15254/407 (EXPTE. PLENO 3721/1101).

ANTECEDENTES.- O 16/01/2023 a técnica de administración xeral, co conforme do xefe dos Servizos Centrais e do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“ANTECEDENTES

Redáctase o presente informe-proposta de conformidade co establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, xunto co Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Xirada visita de inspección polo arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) á fachada da antiga edificación existente na parcela sita en Camiño Seara, núm. 60, emite informe con data 03.01.2023, achegando reportaxe fotográfica que acredita a súa situación e as actuacións inmediatas a desenvolver, recollendo a necesidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 8 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

efectuar unha desmontaxe urxente.

“Pola presente informo que a fachada que queda en pé da antiga edificación sita na rúa Seara nº60 presenta risco inminente de caída incontrolada polo que procede executa-la súa desmontaxe pola vía de execución subsidiaria urxente co obxecto de que se desmonte antes da cabalgata de Reis e antes de que un novo frente con ventos fortes poida ocasiona-la súa derruba incontrolada e causar danos materiais e personais.

O tramo superior da fachada e a cornixa están inclinados e xa perderon a trabazón cos tramos de muro perpendiculares nos extremos da fachada.

*...
A fachada non está vertical en varios tramos sende evidente o seu desplome cara á rúa, que se atopa aberta ó tráfico rodado e peonil. A altura da fachada é tal que un derrumbe incontrolado afectaría á totalidade do ancho da rúa Seara comprometendo a seguridade de vehículos e peatóns. Pódese comprobar nas seguintes imaxes o desplome da fachada no seu tramo superior e o abombamento da mesma en diversos tramos. O beiril e a cornixa mostran ese abombamento nas fotografías adoptando una curva no seu trazado e non unha liña recta.*

*...
Existe perda de trabazón entre as pezas de pedra da fachada e rotura de dinteis en ocos xa que se teñen producido desprazamentos e esforzos horizontais que danaron as pezas e que, a día de hoxe, comprometen a súa estabilidade.*

*...
Procedeuse a dar parte ó departamento de Seguridade e Circulación e á Policía Local do Concello de Vigo para permiti-lo corte da rúa e contactouse con empresas que poideran dispor dun camión con pinza co obxecto de inicia-la desmontaxe esta mesma tarde. Plantéxase a desmontaxe da metade superior da fachada en toda a súa lonxitude acopiando as pezas de pedra no interior da parcela. Deixarase o tramo inferior de fachada en pé a modo de peche de parcela.
...”*

Á vista do presuposto achegado e dos informes emitidos no expediente, en data 4 de xaneiro de 2023 a Vicepresidenta da XMU ditou a seguinte resolución:

“PRIMEIRO.- Subscribir no presente procedemento, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

SEGUNDO.- Declarar de emerxencia a tramitación da contratación das obras de execución de desmontaxe de fachada en Camiño Seara, núm 60, por emerxencia, por motivos de urxencia e seguridade das persoas e dos bens

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de acordo ó disposto no artigo 185 do R.D. Legislativo 2/2004, do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas por importe de nove mil cento cincuenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (9.154,52 €) IVE engadido, polas obras de execución de desmontaxe de fachada sita en Camiño Seara, núm 60, por emerxencia, con cargo á partida 1510.2279905.

CUARTO.- Adxudicar a entidade ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L. con CIF. B-70473640, a realización das obras de execución de desmontaxe de fachada en Camiño Seara, núm 60, por emerxencia, conforme á valoración achegada, por un importe de 7.565,72€ máis 1.588,80€ en concepto de IVE.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 9 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

QUINTO.- Nomear como Directores de Obra aos arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, desenvolvéndose os traballos baixo a súa supervisión.

SEXTO.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Conservación e a Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo).

SÉTIMO.- Dar conta desta resolución e das actuacións levadas a cabo ó Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

OITAVO.- Notificar a presente resolución ós interesados, advertíndolle á propiedade que a obra será realizada ó seu cargo, practicándolle unha liquidación provisional por importe de nove mil cento cincuenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (9.154,52 €)”

Consta no expediente informe dos arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da XMU sobre as actuacións xa realizadas de desmontaxe do tramo superior da fachada de pedra que tiña risco de derrube incontrolado, sinalando a necesidade de completar a execución do traballo non urgente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Normativa de aplicación

- Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada de data 6 de setembro de 2010 (BOP núm.193 do 6 de outubro de 2010)

2.- Tramitación de emerxencia

A tramitación de emerxencia está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 10 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigación de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

O artigo 120 da LCSP atribúe a competencia para a tramitación nestes procedementos de contratación ao órgano de contratación. Nembargantes, na lexislación básica do Estado sobre réxime local atopamos preceptos que regulan a actividade contractual das entidades locais, de aplicación con carácter supletorio a LCSP e ó Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e sempre que non contradiga o establecido nestas normas básicas.

Debemos ter en conta que, nos mesmos supostos, do artigo 120 da LCSP, o artigo 117 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local faculta ó Presidente da Corporación a “ordenar a directa execución das obras” ou a contratalas libremente, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais legalmente establecidos”, recollendo o no seu apartado primeiro a necesidade de dar coñecemento ao Pleno da Corporación das actuacións realizadas.

De conformidade coa Resolución de data 11 de xullo de 2019 ditada en aplicación das facultades que como Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo lle atribúe a normativa de aplicación, en especial, os artigos 124. 4 e 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril; 43 e seguintes. RD.2568/1986, de 28 de novembro e 5 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (versión consolidada; Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 193, do 06.10.2010), delegase a dita competencia na Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, dando conta da presente contratación ao Consello da Xerencia e Pleno da Corporación

3.- Dación de conta.

Á vista do exposto nos antecedentes e normativa sinalada enténdese que resulta procedente a elevación ao Consello da Xerencia e Pleno, da contratación realizada, de conformidade co artigo 120.1 LCSP, dándose conta do acordo de contratación de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 11 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

emerxencia levado a cabo, ao efecto, pola Vicepresidenta da Xerencia.

En base aos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, propónse ao Consello da Xerencia a elevación ao Pleno do seguinte ACORDO:

Dar conta da tramitación e actuacións realizadas consistentes na contratación por emerxencia da execución das obras de desmontaxe de fachada con risco de derrube, sita na Camiño Seara, núm. 60.”

Con data 24 de xaneiro do 2023, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria, tomou coñecemento da devandita contratación.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado de dita contratación por emerxencia na desmontaxe de fachada sita no Camiño da Seara, 60.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4.(26). MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, EN CONTRA DA INSTALACIÓN DOS PARQUES DE EÓLICA MARIÑA "VOLANTEIRO" E "CELTA II". EXPTE. PLENO 3736-1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2023, número 3736/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

EN CONTRA DA INSTALACIÓN DOS PARQUES DE EÓLICA MARIÑA "VOLANTEIRO" E "CELTA II"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O interese das grandes compañías eléctricas por adquirir un mellor posicionamento para a futura implantación de parques de eólica mariña nas costas galegas, así como a posibilidade de poder empregar fondos públicos para tal fin, está acelerando a presentación de proxectos verdadeiramente insólitos e que non teñen en conta ningún condicionante ou característica das nosas augas: nen a estreita plataforma continental galega, nen as actividades pesqueiras, marisqueiras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 12 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e acuícolas que se desenvolven nelas, nen os ecosistemas existentes nas mesmas, nen os posíbeis impactos ambientais, sociais e económicos que poden derivar desas instalacións.

Nen ás propias empresas nen ás administracións públicas parece importarlles que a planificación dos espazos mariños aínda non estea aprobada e que se permita a presentación masiva de proxectos que están xerando unha gran preocupación e mesmo alarma entre a cidadanía e os sectores produtivos.

Nesa “competición” de empresas pola obtención dun recurso, o vento, que se pretende nos faga menos dependentes enerxéticamente, e que ademais reporta grandes beneficios económicos aos seus promotores, estamos coñecendo os pormenores de proxectos que resultan verdadeiramente preocupantes. É o caso dos parques Volanteiro e Celta II.

O primeiro proxecto recolle a instalación de 34 aeroxeradores, cunha potencia instalada de 510 MW, fronte a costa sul da provincia de Pontevedra, a menos de 28 Km. da costa de A Guarda e nunha área de 95 Km. cadrados. Contempla unha liña de evacuación polo fondo mariño de 45,4 Km. que se adentra 10 Km. nas augas do interior da ría de Vigo, e outra liña de 22,76 km. por terra até a subestación eléctrica de Pazos de Borbén. A interacción coa actividade pesqueira recóllese no propio proxecto e a liña de evacuación do interior da ría, a carón do parque das Illas Cíes, e zona de especial protección de aves, ademais afectaría á actividade marisqueira e acuícola. Tamén recoñecen que o funcionamento dos aeroxeradores pode afectar aos cetáceos mariños e o campo electromagnético ás comunidades peláxicas. Así e todo manteñen a proposta de implantación do parque.

Ademais destas cuestións, o proxecto tamén fala do grave impacto visual, aínda que este é un dato minimizado chegando a establecer que, a pesar de todo isto, os eólicos poderían ser “un incentivo para o turismo” polos curiosos/as que acudirían a velos e, sorprendentemente, nas medidas preventivas a levar adiante na fase previa e de execución do proxecto non se mencionan nen a pesca nen o marisqueo.

O segundo proxecto, cunha información incompleta e dispersa, localízase a 40 Km. das Illas Cíes e a 25 da Guarda, contaría tamén con 34 aeroxeradores e cunha potencia de 510 MW. Ocuparía unha superficie de 89,63 quilómetros cadrados e unha liña de evacuación de 24,9 Km. Na documentación recollen un “impacto baixo” sobre a pesca e os “posíbeis impactos asociados á alteración do fondo mariño”, principalmente no trazado do cableado. Tamén habería prexuízos sobre hábitats de interese e para os cetáceos, pero sen darlles importancia. Os concellos afectados polas líñas de evacuación serían A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui e O Porriño.

O “impacto baixo” que prevén sobre a actividade pesqueira non concorda coa que valora o sector, que din que afectaría gravemente a diferentes artes de pesca e a distintos segmentos da frota e que advirte da presenza de pescada na zona proposta. Neste sentido, as consecuencias sobre a pesca afectarían gravemente ao sector pesqueiro dos concellos da Ría de Vigo e da costa do Baixo Miño.

Ambos proxectos, de diferentes empresas, están a escasa distancia chegando a solaparse en parte nun mesmo espazo, que fai que deberan ser valorados de xeito



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 13 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conxunto para o seu impacto ambiental, e inclúen aeroxeradores de 261 metros de altura total.

A este respecto, a Resolución pola que se formula declaración ambiental estratéxica (DAE) dos POEM, publicada no BOE de 16 de decembro de 2022, reduce a zona NOR 1, onde se ubicarían o Volanteiro e o Celta II, polo que os seus proxectos non se axustan nen á realidade nen ao establecido na DAE.

En ambos os dous casos, nen as empresas nen o propio Goberno do Estado están respetando a moratoria establecida na disposición adicional terceira do Real Decreto-Lei 12/2021, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da fiscalidade enerxética e en materia de xeración de enerxía, e sobre xestión do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga, onde se establece una moratoria para estes proxectos e indícase que non se admitirán novas solicitudes de reserva de zona, nen de autorización administrativa de instalacións de xeración eólicas mariñas até a aprobación dun novo marco normativo para as instalacións de xeración de enerxía eléctrica no mar territorial.

En definitiva, o Goberno do Estado, incumprindo a súa propia normativa, está permitindo a presentación de proxectos de eólica mariña que non teñen cabida neste intre, sen lexislación que os sosteña e que resultan desde o punto de vista ambiental, social e económico altamente prexudiciais para as zonas nas que se pretende a súa instalación.

A Xunta de Galiza non pode ficar impasíbel ante esta nova tentativa de agresión ao noso medio e ao sector do mar do noso país, e, en uso das súas competencias e da súa obriga de defender o País, debe instar ao goberno do Estado á retirada dos proxectos “Volanteiro” e “Celta II”

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- I Manifestar a oposición do Concello de Vigo á instalación dos parques ou polígonos para a produción de enerxía eléctrica mediante eólica mariña na costa galega, e en concreto dos proxectos “Volanteiro” e “Celta II” proxectados na costa sur da provincia de Pontevedra, instando ao Goberno municipal a emprender todas as accións institucionais, administrativas e xurídicas que foren precisas co obxectivo de evitar a súa implantación.
- II Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno do Estado para que paralice os proxectos “Volanteiro” e “Celta II”.
- III Instar ao Goberno español a que, tendo en conta o principio de precaución, as características diferenciadas da nosa plataforma continental, especialmente a súa curta extensión, e a localización na mesma dos principais e máis ricos caladoiros de pesca da zona, que se verían gravemente afectados pola instalación dos proxectos de eólica mariña, así como o grave impacto no conxunto dos ecosistemas mariños, proceda á retirada dos proxectos “Volanteiro” e “Celta II”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 14 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

IV Dar traslado do acordo ao Parlamento de Galiza e ao Congreso dos/as Deputados/as, así como aos diferentes grupos parlamentares que os compoñen.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.02.23 (Rex. Nº 3736/1101), polo concelleiro membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do salón de Plenos a concelleira, Sra. Egerique Mosquera.

5.(27). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DÉBEDA DE 4.100 MILLÓNS DE EUROS DO ESTADO CON VIGO EN INVESTIMENTOS ESTRATÉXICOS, VITAIS PARA O FUTURO DA CIDADE. EXPTE. PLENO 3735/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2023, número 3735/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DÉBEDA DE 4.100 MILLÓNS DE EUROS DO ESTADO CON VIGO EN INVESTIMENTOS ESTRATÉXICOS, VITAIS PARA O FUTURO DA CIDADE

Alfonso Marnotes González, voceiro do G.M do P.P. no Concello de Vigo presenta para o seu debate na vindeira sesión do Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Vigo perdeu todo o seu peso específico nas decisións do Goberno de España, que ten numerosos investimentos pendentes cos vigueses. Temos reivindicado, en numerosas ocasións, a reactivación de proxectos urxentes para a cidade, que na súa gran maioría xa foran comprometidos polo Goberno de Mariano Rajoy e que permaneceron durmidos co cambio de Executivo, viron reducida a súa dotación orzamentaria ou desapareceron dos plans do Goberno. Paralelamente, o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 15 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Executivo central está promovendo cambios legais que poñen en risco a base produtiva e milleiros de empregos de Vigo e de Galicia.

Unhas carencias e unhas decisións que prexudican á mobilidade da cidade, á seguridade viaria, á saúde e ao benestar dos vigueses, aos servizos básicos e á economía familiar, pero tamén á competitividade do tecido empresarial, da industria, especialmente da automoción, do sector pesqueiro e da cadea mar-industria.

Dende que Pedro Sánchez é presidente do goberno os investimentos do estado en Vigo se paralizaron absolutamente e mesmo se retiraron algúns xa comprometidos. Son xa 4.100 millóns de euros a débeda acumulada polo Goberno de Sánchez coa cidade no últimos cinco anos, os que leva como presidente. Compromisos incumpridos con investimentos que son estratéxicos para o noso futuro, proxectos que se anunciaron unha e outra vez, e que por peso, economía e xustiza que Vigo merece como a primeira cidade de Galicia.

O goberno socialista de Vigo, que debiera ser o primeiro en reivindicar investimentos do estado na cidade, esfórzase en ocultar a retirada de investimentos, é cómplice do agravio do goberno do estado e esta complicidade, que é verdadeira submisión, está a poñer en serio risco o futuro da cidade.

A saída Sur do AVE cara Portugal (800 M€), o AVE directo a Ourense por Cerdedo (2.682 M€), a nova autovía de saída cara Madrid A-55 (300 M€), a remodelación da Avenida de Madrid (13,4 M€), a Biblioteca pública do Estado (13 M€), a remodelación do litoral e da praia de Samil (4 M€), a moi alta tensión para Balaídos (70 M€), a conexión de ferrocarril coa terminal portuaria de Bouzas (150 M€), o traslado á do Instituto de Investigacións Mariñas (16 M€), o soterramento da VG-20 (50 M€), a mellora dos accesos ao IFEVI (1,5 M€), a transformación da AP 9 ao seu paso por Teis (20 M€ pero inda sen definir polo Ministerio) son infraestruturas pendentes na cidade das que nada se sabe dende hai cinco anos e que suman máis 4.100 millóns de euros de investimento que o Estado lle debe á na nosa cidade. Porén, o goberno de Vigo se esforza en ocultar a falta de compromiso e investimento do goberno do estado na cidade, recibindo a autoridades que veñen a Vigo sen anunciar nin comprometer proxecto algún ou mesmo condecorándoas ou disimulando con foros inútiles o desprezo de deixar a Vigo sen sede de institucións estatais en áreas tan sensibles como as investigacións mariñas das que Vigo é referente mundial.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a recoñecer á cidade de Vigo unha débeda de 4.100 millóns de euros, consecuencia da falta de investimento do goberno presidido por Pedro Sánchez durante 5 anos, reclamándolle o desbloqueo inmediato de todos os proxectos pendentes de investimento do estado na nosa cidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 16 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adoptase o seguinte,.

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.02.2023 (Rex. Nº 3735/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntanse do salón de Plenos o Alcalde Presidente e a 1ª Tenente de alcalde, Sra. Silva Rego, pasando a presidir o 2º tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

6.(28). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO CONTRA A SUBIDA DOS TIPOS DE INTERESE E EN DEFENSA DE MEDIDAS DE ALIVIO ALTERNATIVAS PARA FAVORECER ÁS FAMILIAS TRABALLADORAS. EXPTE. PLENO 3743/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2023, número 3743/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN CONTRA A SUBIDA DOS TIPOS DE INTERESE E EN DEFENSA DE MEDIDAS DE ALIVIO ALTERNATIVAS PARA FAVORECER ÁS FAMILIAS TRABALLADORAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BCE continúa coa súa folla de ruta de asfixia ás familias. Decidiu unha nova subida dos tipos de interese na zona euro de medio punto, ata deixar a taxa xeral no 3%, en máximos de finais de 2008.

A pesar de que a inflación está a remitir, Lagarde e De Guindos insisten no endurecemento da política monetaria incrementando o prezo do diñeiro. Como a ameaza de recesión económica non se concretou, o BCE parece que decidiu poñerse a traballar de xeito temerario sen avaliar que poden conseguir que se desate unha crise porque ademais avanzou que volverá subir os tipos noutro medio punto no vindeiro mes de marzo.

Hai 3,7 millóns de persoas con hipotecas no Estado español. Este tipo subiu case catrocentos puntos básicos desde decembro do 2021 ata xaneiro de 2023, trece



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 17 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

meses e finalizou o pasado mes no 3,91%. O que agora di o BCE é que seguirá apertando a soga.

A alza no principal índice de referencia está a provocar un forte aumento nas cotas hipotecarias mensuais das familias que se irá estendendo durante os próximos meses a medida que se produzan as revisións periódicas correspondentes.

A porcentaxe dos fogares que dedican máis da metade da súa renda dispoñible ao pago da hipoteca baixou substancialmente, desde o 7,2% en máximos da crise pasada ao 2,5% en 2021. Ademais, a exposición ao risco de tipo de interese da carteira hipotecaria foise reducindo durante os últimos anos, aumentando o peso dos préstamos a tipo fixo. Con anterioridade á subida abrupta dos tipos de interese, tres de cada catro novas hipotecas concedíanse xa a tipo fixo e o prazo medio residual baixou dos dezoito anos en 2017 a apenas dez a finais de 2021, co que habería marxe para solucionar os problemas incrementando o prazo das hipotecas.

Pero a pesar diso, teremos graves problemas derivados destas decisións de subidas de tipos de interese.

O Real Decreto aprobado en decembro de 2022 amplía o Código de Boas Prácticas vixente, para que poida cubrir a aqueles debedores vulnerables afectados por subas de tipos de interese que alcancen niveis de esforzo hipotecario excesivos. Teoricamente debería protexer ás familias con renda inferior aos

25.200 euros (tres veces o IPREM) que dediquen máis do 50% da súa renda mensual ao pago da hipoteca e debedores de clase media que teñen risco de caer en vulnerabilidade polo aumento das hipotecas cun límite de renda por fogar ata os 29.400 euros anuais. Poderanse adherir a este plan aqueles para os que a carga hipotecaria supoña o 30% da súa renda e tivesen unha subida de polo menos o 20%.

Pero o plan está a fracasar xa que só unhas ducias de operacións foron asinadas e analogamente, (como é decisión libre dos bancos conceder as operacións), quen se acolla ás medidas de alivio do Real Decreto pagarán moitos máis intereses ao final da hipoteca, o cal non constitúe solución ningunha.

O acordo entre o Goberno e o sector bancario inclúe a posibilidade de alongar o prazo de reembolso ata sete anos, de aplicar unha carencia dun, dous ou cinco anos e de reducir o interese durante ese tempo. Para os hipotecados supón reducir substancialmente o importe das súas cotas mensuais, pero tamén ter que pagar máis intereses a longo prazo.

A subida de tipos de interese dos créditos hipotecarios vai provocar unha enorme transferencia de rendas das familias, especialmente as máis vulnerables, cara á banca.

Como o Euribor incrementouse en 3,91 puntos ata final de xaneiro (pasou de -0,502% ao +3,4%) a transferencia de rendas das familias á banca vai superar os 13.000 millóns de euros en 2023 e a das empresas 11.000 millóns adicionais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 18 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A maior parte desta enorme cifra trasladarase directamente a beneficios bancarios, porque o custo do diñeiro apenas aumentou para os bancos porque o prezo do diñeiro non se trasladou aos pasivos dos bancos xa que a banca aínda non incrementou a retribución aos seus clientes polas súas contas e depósitos.

Esto está a comportar beneficios extraordinarios para a banca, pero un elevado custo para as familias, porque esta subida de tipos dispara o custo mensual dos préstamos, situando a moitas delas ante graves dificultades de atender o pago das súas cotas mensuais.

En 2022 a banca española vai conseguir beneficios récord na súa historia. As entidades máis grandes (Santander, BBVA, Caixabank, Sabadell, Unicaja e Bankinter) gañaron máis de 20.000 millóns de euros, un 25% máis que en 2021. E para 2023 o BCE quere seguir subindo tipos o que implica que a previsión de beneficios será aínda maior.

Debemos aprender da experiencia do pasado. O noso país non pode consentir unha nova onda de desafiuzamentos de familias que non poden pagar a súa hipoteca.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación, se procede, os seguintes:

ACORDOS

1. O pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do Estado para aprobar un Real Decreto que suspenda ata xaneiro de 2024 a revisión das cotas de todas as hipotecas para vivendas habituais a tipo variable, isto é, deixalas conxeladas ata esa data, para todas aquelas familias que superen o 30% de cota con respecto aos seus ingresos.
2. O pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do Estado para suspender a revisión e facer recaer o custo nas marxes das entidades bancarias en base ao diñeiro que estas entidades deben xa que o rescate bancario custounos ata 2020 case 96.000 millóns de euros.
3. O pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do Estado para negociar coas entidades bancarias a redución dos seus enormes beneficios suspendendo a revisión das hipotecas en 2023 (o que é aproximadamente o 50% das súas ganancias)."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte e unha abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 19 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 17.02.2023 (Rex. Nº 3743/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(29). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A APROBAR UN PLAN DE CHOQUE URXENTE PARA DOTAR Á CIDADE DE VIGO DAS PRAZAS RESIDENCIAIS PÚBLICAS NECESARIAS PARA AS PERSOAS MAIORES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3739/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2023, número 3739/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Galicia é a comunidade autónoma con menos porcentaxe de prazas públicas en residencias de maiores de toda España, concretamente, 8 de cada 10 prazas en residencias de maiores son privadas. A Comunidade Autónoma tamén está á cola na ratio de prazas por habitante, cun déficit de máis de 14.300 prazas en toda Galicia.

Na actualidade o 26% dos habitantes de Galicia son maiores de 65 anos, pero as estatísticas apuntan a que nun horizonte de 15 anos, 1 de cada 3 galegos e galegas terá máis de 65 anos, é dicir, o 32,3% da poboación.

Vigo é a cidade de Galicia e unha das de España coa peor ratio de prazas residenciais públicas para persoas maiores por habitante. A Organización Mundial da Saúde recomenda cinco prazas residenciais por cada cen maiores de 65 anos, namentras que Vigo se atopa, neste intre, en escasamente 2 prazas por cada cen maiores de 65 anos.

En trece anos de Goberno do Partido Popular non se ten construído nin unha soa praza residencial pública na cidade de Vigo, o que ten derivado nun déficit estrutural de máis de 3.500 prazas residenciais para podermonos achegar á ratio recomendada pola OMS.

Neste intre, as residencias de maiores da cidade (a meirande parte privadas) teñen unha lista de agarda de máis de 1 ano, o que está a provocar traslados fóra da cidade e a sobrecarga dos centros de día que tamén están saturados.

Este modelo privatizador e especulador, ten levado a primar o negocio privado a costa das persoas maiores que se ven desarragadas non só dos seus fogares, senón tamén alonxadas a residencias a máis de 100 km. da súa cidade e das súas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 20 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

familias. O sobrecusto da concertación con residencias privadas ten sido estimada polo IMSERSO nun 8%.

O propio Consello de Contas no seu informe de fiscalización advertía hai anos (2018) á Xunta de Galicia da súa política errática nesta materia. A radiografía era clara xa daquela: privatización do modelo residencial para as persoas maiores (87% das prazas residenciais eran privadas); escaseza de prazas con ratios que sitúan a Galicia á cola de España e de Europa, longas listas de agarda para o recoñecemento do grao de dependencia e o acceso á carteira de servizos, graves deficiencias na xestión privada das residencias, precariedade laboral, graves irregularidades no cumprimento das ratios de persoal, etc.

Pola súa parte o Consello de Bioética de Galicia instou en reiteradas ocasións á Xunta de Galicia a non trasladar ás persoas maiores lonxe dos seus domicilios, polo efecto emocional que ten sobre os usuarios e polo complicado que resulta aos familiares seguir tendo o desexado contacto coa persoa maior.

A Comunidade Autónoma ten recibido Fondos Europeos e o do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia, precisamente no compoñente 22, “Plan de Choque para a Economía dos Coidados e reforzo das políticas de Inclusión”, pero a día de hoxe seguimos, co obscurantismo propio da Xunta de Galicia, sen coñecer o tan anunciado novo modelo residencial, nin cantas prazas públicas se van construír na cidade de Vigo, para paliar o dramático déficit de prazas actualmente existente.

Para os socialistas, a crise do COVID ten amosado, máis se cabe, que urxe un cambio de modelo residencial que aposte por solucións residenciais para persoas maiores máis dimensionadas, que poidan garantir a súa autonomía, dignidade e independencia. Un modelo de proximidade, que non desarraigue aos nosos maiores da súa contorna e das súas familias.

Por todo o antedito, propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

-Instar á Xunta de Galicia a aprobar un Plan de Choque urxente para dotar á cidade de Vigo das prazas residenciais públicas necesarias para as persoas maiores, que permitan un acceso ao seu dereito de praza residencial sen esperas, sen demoras e sen ser trasladados a outros lugares de Galicia desarraigados da súa contorna, tendo en conta que neste intre máis de 250 persoas de Vigo e a súa área, se atopan en lista de agarda para acceder a unha residencia.

-Instar á Xunta de Galicia a facer públicos os datos de cantas prazas residenciais públicas para persoas maiores hai dispoñibles neste intre na cidade de Vigo.

-Instar á Xunta de Galicia a apostar por un modelo residencial público para persoas maiores, que respecte a súa dignidade, a súa independencia e autonomía, que aposte pola vida en comunidade dos nosos maiores, en pequenas unidades de convivencia.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 21 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.02.2023 (Rex. Nº 3739/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(30). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ASUMIR A HUMANIZACIÓN INTEGRAL DA AVDA. DE GALICIA NO PROXECTO DE MELLORA VIARIA DA ESTRADA PO-323-2ª FASE, E QUE FIGURE NOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA ESTE ANO. EXPTE. 3740/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2023, número 3740/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En xuño de 2022 a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia envía ao Concello de Vigo escrito indicando que se vai redactar un proxecto de “Mellora viaria para o fomento da mobilidade sostible na estrada PO-323 - 2ª fase” e solicitando información sobre os servizos afectados. O ámbito correspóndese coa Avenida de Galicia (de titularidade autonómica), entre a rúa Subida ao Paraixal e o límite municipal con Redondela.

O 28 de xullo de 2022 o Concello de Vigo fai chegar a información solicitada, indicando que se debe renovar integralmente a rede de abastecemento e saneamento no ámbito da actuación, do mesmo xeito que o Concello de Vigo esta a facer en todos os seus proxectos de humanización en rúas de titularidade municipal.

Con data 23 de novembro de 2022 a Axencia Galega de Infraestruturas envía oficio indicando que somete a información pública o “Proxecto de trazado da mellora viaria para o fomento da mobilidade sostible na estrada PO-323 - 2ª fase”, solicitando se envíen as consideracións oportunas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 22 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O 11 de xaneiro de 2023 o Concello de Vigo fai chegar á Xunta de Galicia os informes municipais, nos que se lle indícalle novamente á Axencia Galega de Infraestruturas que no proxecto achegado non se recolle a renovación das redes de abastecemento e saneamento, considerando que non se pode obviar esta necesidade.

O 14 de febreiro o Director da Axencia Galega de Infraestruturas remite resposta aos informes municipais, sinalando que *“non forma parte do obxecto da actuación a renovación e mellora das redes de abastecemento e saneamento existentes, xa que esta cuestión é competencia municipal”*.

Conseguir os obxectivos de sustentabilidade cos que a Xunta pretende vender a actuación, resulta difícilmente compatible con negarse a renovar as redes de abastecemento e saneamento que transcurren por este vial de titularidade autonómica.

O Concello de Vigo leva dezaseis anos de intensa política de renovación das redes de abastecemento e saneamento nos viais municipais, con ocasión das obras de humanización que teñen transformado esta cidade.

Negarse a asumir o custe de renovación das redes cando a Xunta de Galicia vai executar obras nun vial da súa competencia supón dar a espalda aos veciños de Teis, afrontando un “lavado de cara” da Avenida de Galicia e obviando as necesidades reais da cidadanía.

A mesma política de sempre: non atender ás necesidades de Vigo, negar todo apoio financeiro, incluso cando a Xunta actúa en viais da súa titularidade.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a asumir a humanización integral da Avenida de Galicia no proxecto de mellora viaria da estrada PO 323-2ª fase, atendendo ás necesidades incluídas nos informes técnicos, e que figure nos orzamentos da Xunta para este ano a través de reforma urxente.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 23 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.02.2023 (Rex. Nº 3740/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(31). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ABORDAR DE FORMA URXENTE A REFORMA INTEGRAL DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 3741/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2023, número 3741/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Son numerosos os centros educativos da cidade de Vigo que se dirixen a Xunta de Galicia reclamando inversións e melloras nas súas instalacións. Os centros públicos de Infantil e Primaria da nosa cidade foron construídos entre 1970 e 1980. Falamos dunhas instalacións educativas de máis de 50 anos.

Ante a negativa da Consellería de Educación, as direccións dos centros e as ANPAS solicitan ao Concello de Vigo que sexan atendidas as súas demandas.

O Concello de Vigo, ven aumentando ano tras ano a partida destinada a conservación e mantemento da rede de centros públicos de educación infantil e primaria, co fin de atender obras solicitadas polos centros e non resoltas pola Administración competente, a Xunta de Galicia.

Nos últimos anos están a aumentar os problemas en diversos aspectos como aseos e patios escolares obsoletos, falsos teitos, fachadas, cubertas, chans das aulas, pistas polideportivas, illamento, eficiencia enerxética, carpintería, electricidade, fontanería, calefaccións...

O grupo municipal socialista ten presentado numerosas mocións instando á Xunta de Galicia a asumir as súas competencias e acometer reformas integrais nos centros educativos públicos de infantil e primaria da cidade de Vigo. Temos alertado do total abandono dos centros educativos e o risco que supón para a comunidade educativa o mal estado das instalacións educativas.

Nos últimos meses producíronse algúns incidentes que puxeron de manifesto a necesidade urxente de realizar reformas integrais nos centros educativos, como ven denunciando o goberno local. Feitos graves que, por fortuna, non tiveron consecuencias para os membros da comunidade educativa pero que alertan da urxente necesidade de actuación por parte da Xunta de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 24 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ante a falta de inversión por parte da administración autonómica, é o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, o que ven atendendo todas as demandas dos colexios da nosa cidade.

A Consellería de Educación da Xunta debería revisar, reformar, modernizar e mellorar as instalacións dos centros públicos de infantil e primaria para garantir unhas instalacións dignas e axeitadas para a mellora da calidade educativa e que garantan a seguridade de toda a comunidade educativa da nosa cidade.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a abordar de forma urxente a reforma integral dos centros educativos públicos da Cidade de Vigo con modificación orzamentaria urxente, asumindo así ás súas competencias e atendendo as demandas da comunidade educativa da nosa cidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.02.2023 (Rex. Nº 3741/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

10.(32). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR UNHA ACHEGA AO CONCELLO DE VIGO DE 15 MILLÓNS DE EUROS AO OBXECTO DE CONSTRUIR UN NOVO ESTADIO DE ATLETISMO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 3742/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2023, número 3742/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O atletismo ten unha longa tradición na nosa cidade. As nosas instalacións foron o principal dinamizador do atletismo galego.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 25 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Desde 2.010, a Xunta de Galicia vén anunciando compromisos de convenio co Concello de Vigo para a mellora das instalacións actuais.

Trece anos despois, ningún destes compromisos materializáronse e hoxe as necesidades, para a práctica do atletismo e a celebración de importantes competicións, son moi diferentes ás daquelas datas.

Á Xunta de Galicia correspóndelle, polas súas competencias en materia de deporte, apoiar a construción de instalacións adaptadas ás necesidades actuais.

O Concello de Vigo, atendendo á demanda dos clubs de atletismo da cidade, entende que se debe dar un importante salto coa construción dun Novo Estadio de Atletismo na cidade de Vigo, que englobe todas as instalacións necesarias e modernas para atender a todo o atletismo galego.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a realizar unha achega ao Concello de Vigo de 15 millóns de euros ao obxecto de construír un Novo Estadio de Atletismo na cidade de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e seis abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.02.2023 (Rex. Nº 3742/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

11.(33). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 18.01 AO 15.02.23. EXPTE. 1390/1102 (EXPTE. PLENO 3737/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 18.01.23 ao 15.02.23) incluídas no expediente 1390/1102.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 26 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

12.(34). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/ AS DELEGADOS/AS, DENDE O 18.01 AO 15.02.23. EXPTE. 1391/1102 (EXPTE. PLENO 3738/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 18.01.23 ao 15.02.23) incluídas no expediente 1391/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

13.(35). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 30.01.23, DE DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA DA ÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO, TÓDALAS ATRIBUCIÓNS PRECISAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA. EXPTE. 11040/307 (EXPTE. PLENO 3732/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 30.01.23, que di o que segue,

“Por Resolución desta Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras á Area de Patrimonio Histórico atribuíndose ao seu titular a dirección/ xestión, organización/ planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos, así como “en virtude da súa riqueza patrimonial, xestionar e coordinar os traballos que se realicen no monte de O Castro que teñan relación coa preservación e posta en valor do patrimonio municipal”.

A Xunta de Goberno local, en sesión de data 30/12/2021, acordou aceptar a subvención do Goberno de España ao Municipio de Vigo para a mellora da competitividade do sector turístico, regulada no Real decreto 1119/2021, de 21 de decembro, por importe de 2 millóns de euros, que inclúe o proxecto de musealización para a posta en valor da fortaleza de O Castro.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20/06/19 e posteriores modificacións de 04/07/19, 11/07/19, 05/09/19, 22/04/21, 21/06/21, 10/03/22, 19/05/22 e 22/07/22, adoptou acordo de delegación de determinadas atribucións nas Concellerías Delegadas das Áreas, asignando á Concellería Delegada da Área de Fomento e Servizos “a xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 27 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co sinalado no artigo 43.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía RESOLVE

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico Dona M^a del Carmen Silva Rego tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e realización da totalidade das obras e servizos necesarios para a execución do PROXECTO DEREHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA.

Segundo.- A presente resolución entrará en vigor no momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co sinalado no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e na sede electrónica municipal conforme o disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento, de conformidade co establecido no artigo 44.4 do RD 2568/1986.”

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2023.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

14.(36). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se promova a creación do Observatorio Municipal de Igualdade do Concello de Vigo que, entre outros, se encargue de realizar periodicamente análises, estudos e diagnoses, tanto cuantitativas como cualitativas, a respecto das diferentes forma de violencia machista e da desigualdade e da súa evolución na nosa cidade, para mellor orientar as políticas municipais no combate destas.

15.(37). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. Solicitamos realicen de forma subsidiaria imputando posteriormente os custes da obra que obrigatoriamente ten que realizar a Sareb nas vivendas de rúa Privada Moderna.

16.(38). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez. Que ante a convocatoria de folga do persoal da empresa concesionaria do transporte urbano, e para evitar mais prexuízos, o alcalde interveña dunha vez para solucionar o conflito.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17.(39). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿De que maneira vai garantir o Goberno municipal que as plusvalías que se xeren polo desenvolvemento urbanístico da parcela da antiga factoría de Alfageme se destinen a saldar as débedas pendentes da antiga conserveira co seu



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 28 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cadro de persoal, dando execución ao acordo plenario adoptado por unanimidade o 22 de marzo de 2010?

18.(40). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes. ¿Considera, polas declaracións de Vitrasa e do propio Alcalde, este goberno local que os condutores e condutoras de Vitrasa cobran moito e teñen que perder salario mediante un descolgue salarial?.

19.(41). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez. ¿Que medidas adoptará o goberno municipal para axilizar as convocatorias de prazas de empregados públicos e evitar a dramática falla de recursos humanos que lastra a xestión municipal e retrasa os servizos que reciben os cidadáns?.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Febreiro 23
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 22 de Febrero de 2023 09:09:18
Fecha Fin : Miércoles, 22 de Febrero de 2023 13:00:10
Duración : 03:50:52

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3285

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 3.0 GiB

SHA512 -
7e9f223057c74d56c0d9e79ebfb305cbdc10715b1c32442e9d042285a0267a2809d2f9c
8789a47a54b491cfd945d68366b60135e8d4811b954d347df71204011

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 720p, Stereo, 3.3 GiB

SHA512 -
bee5039b7082178f49b40089a7606b01492d9f82617e9d29a4ee7ed72f098a917365f88
5d436a7133d4d9b2a9f152eee17f699e06dddc880762b1fdb3d167297

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Oradora invitada; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Estévez



- Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;
- 00:00:03 - Caballero Álvarez, Abel
 00:00:40 - minuto de silencio
- 00:01:44 : ORDE DO DÍA PARTE RESOLUTIVA 1. Actas anteriores: extraordinaria do 23 de xaneiro e ordinaria do 25 de xaneiro 2023.
- 00:01:57 : 2. Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello de Vigo e do seu organismo autónomo administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo,
- 00:02:10 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:07:35 - Caballero Álvarez, Abel
 00:08:05 - Caballero Álvarez, Abel
 00:08:26 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:09:39 - Caballero Álvarez, Abel
 00:09:41 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:10:31 - Caballero Álvarez, Abel
 00:10:36 - Pérez Correa, Rubén
 00:15:24 - Caballero Álvarez, Abel
 00:15:58 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:20:33 - Caballero Álvarez, Abel
 00:20:35 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:20:45 - Caballero Álvarez, Abel
 00:20:50 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:21:37 - Caballero Álvarez, Abel
 00:21:46 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:22:19 - Caballero Álvarez, Abel
 00:22:46 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:23:29 - Caballero Álvarez, Abel
 00:23:56 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:24:20 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:24:33 : 3. Dación de conta da contratación mediante trámite de emerxencia das obras de desmontaxe de fachada en Camiño Seara número 60. Expte.15254/407 (Expte. Pleno 3721/1101).
- 00:24:45 - Caride Estévez, María José
 00:29:09 - Caballero Álvarez, Abel
 00:29:15 - Caride Estévez, María José
 00:29:58 - Caballero Álvarez, Abel
 00:30:03 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:31:57 - Caballero Álvarez, Abel
 00:32:40 - Pérez Correa, Rubén
 00:36:52 - Caballero Álvarez, Abel
 00:37:05 - Caride Estévez, María José
 00:40:14 - Caballero Álvarez, Abel
 00:40:37 - minuto de silencio
 00:41:52 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:41:57 : 4. Moción do concelleiro non adscrito, en contra da instalación dos parques de eólica mariña ?Volanteiro? e ?Celta II?. Expte. Pleno 3736- 1101.
- 00:42:30 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:44:29 - Méndez Fuentes, Oriana
 00:48:48 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 30 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:49:08 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:49:59 - Caballero Álvarez, Abel
 00:50:03 - Caride Estévez, María José
 00:50:09 - Caballero Álvarez, Abel
 00:50:13 - Caride Estévez, María José
 00:50:42 - Caballero Álvarez, Abel
 00:51:25 - Caride Estévez, María José
 00:52:14 - Caballero Álvarez, Abel
 00:54:15 - Caride Estévez, María José
 00:57:57 - Caballero Álvarez, Abel
 00:58:08 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:59:44 - Caballero Álvarez, Abel
 00:59:52 - Votación [10:09:06]
- 01:00:21 : 5. Moción do grupo municipal do Partido Popular para reclamar ao Goberno de España a débeda de 4.100 millóns de euros do Estado con Vigo en investimentos estratéxicos, vitais para o futuro da cidade. Expte. Pleno 3735/1101.
- 01:00:30 - Caballero Álvarez, Abel
 01:00:36 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:04:49 - Caballero Álvarez, Abel
 01:04:53 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:06:58 - Caballero Álvarez, Abel
 01:07:01 - Pérez Correa, Rubén
 01:11:46 - Caballero Álvarez, Abel
 01:11:48 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 01:17:11 - Caballero Álvarez, Abel
 01:17:18 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:20:40 - Caballero Álvarez, Abel
 01:49:42 - Votación [10:58:57]
- 01:50:01 : 6. Moción do grupo municipal Mixto contra a subida dos tipos de interese e en defensa de medidas de alivio alternativas para favorecer ás familias traballadoras. Expte. Pleno 3743/1101.
- 01:50:06 - Caballero Álvarez, Abel
 01:51:53 - Caballero Álvarez, Abel
 01:52:09 - Pérez Correa, Rubén
 01:56:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:56:30 - Pérez Correa, Rubén
 01:57:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:57:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:59:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:59:45 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:02:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:03:27 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:04:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:05:01 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:05:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:05:29 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:10:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:10:28 - Pérez Correa, Rubén
 02:13:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:13:51 - Votación [11:23:06]
- 02:14:14 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a aprobar un Plan de Choque urxente para dotar á cidade de Vigo das prazas residenciais públicas necesarias para as persoas maiores e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3739/1101.
- 02:14:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:14:28 - Aguiar Castro, Yolanda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 31 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:18:42 - Espinosa Mangana, Elena
 02:18:58 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:19:29 - Espinosa Mangana, Elena
 02:19:35 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:21:28 - Méndez Fuentes, Oriana
 02:25:39 - Méndez Fuentes, Oriana
 02:26:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:26:09 - Lopez Roman, Patricia
 02:29:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:29:50 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:31:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:32:02 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:32:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:32:59 - Votación [11:42:03]
 02:33:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:33:41 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a asumir a humanización integral da Avda. de Galicia no proxecto de mellora viaria da estrada PO-323-2ª fase, e que figure nos Orzamentos da Xunta para este ano. Expte. 3740/1101.
- 02:33:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:38:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:40:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:40:23 - Pérez Correa, Rubén
 02:44:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:44:38 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:45:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:46:04 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:49:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:02:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:02:18 - Votación [12:11:33]
- 03:02:47 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a abordar de forma urxente a reforma integral dos centros educativos públicos da cidade de Vigo. Expte. Pleno 3741/1101.
- 03:03:00 - Gomez Díaz, Gorka
 03:08:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:08:08 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:10:27 - Espinosa Mangana, Elena
 03:10:32 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:14:27 - Espinosa Mangana, Elena
 03:14:31 - Bartolomé Tocino, Carlota
 03:19:20 - Gomez Díaz, Gorka
 03:22:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:22:40 - Votación [12:31:54]
- 03:23:00 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a realizar unha achega ao Concello de Vigo de 15 millóns de euros ao obxecto de construír un novo Estadio de Atletismo na cidade de Vigo. Expte. 3742/1101.
- 03:23:15 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 03:28:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:28:35 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:30:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:30:37 - Pérez Correa, Rubén
 03:34:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:34:36 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:39:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:39:54 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 03:40:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 32 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 03:40:22 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 03:43:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:43:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:43:33 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 03:44:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:44:36 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 03:44:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:44:49 - Votación [12:54:04]
- 03:45:28 : 11. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 18.01 ao 15.02.23. Expte. 1390/1102 (Expte. Pleno 3737/1101).
- 03:45:42 : 12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 18.01 ao 15.02.23. Expte. 1391/1102 (Expte. Pleno 3738/1101).
- 03:45:52 : 13. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 30.01.23, de delegación na concelleira da Área de patrimonio Histórico, tódalas atribucións precisas para a execución do Proxecto de Rehabilitación e Acondicionamento do Pazo da Raposeira. Expte. 11040/307 (Expte. Pleno 3732/1101).
- 03:46:14 : 14. Formulación de rogos.
 03:46:16 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:46:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:46:43 - Pérez Correa, Rubén
 03:46:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:47:02 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:47:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:47:29 : 15. Preguntas
 03:47:32 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:47:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:48:00 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:48:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:49:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:49:55 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:50:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:50:52 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e cincuenta e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 3/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
 am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Javier Pardo Espiñeira
 Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 33 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:16	Páxina 34 de 34
3778-1101	CSV: A3A92E-B5D7D7-EE88B6-5H2GX6-XJ281L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		